

PULSOS e SOLASTALXIAS

[do monte galego]



Ariadna Silva Fernández
Carla Andrade
Diego Vites
Juan Rivas
Judith Adataberna
Lito Portela
Mónica Vila Ferreirós
Pablo Orza
Sabrina Fernández Casas
Tono Arias


04/09/2025 - 02/11/2025

.....

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO






A solastalxia é un neoloxismo creado polo filósofo Glenn Albrecht, definida como unha “angustia psíquica ou existencial causada polo cambio ambiental”, ou, nunha segunda acepción, como “nostalxia que se sente cando aínda se está na casa”; unha condición esta cada vez máis global debido á continua degradación do medio ambiente. En Galicia isto tradúcese en montes monocromáticos, ateigados de monocultivos que empobrecen sen retorno estes ecosistemas abocándoos cara a desertificación das terras ou cumios amputados, substituídos por aeroxeradores e formigón que, din, vannos levar cara un horizonte de enerxías verdes e limpas altamente xeradoras de riqueza, pero se cadra para uns poucos.

Somos moitas as persoas que recordamos que os montes galegos sempre berraron pedindo axuda, en forma de incendios, mutilacións, deforestación, especulación, explotación... palabras que veñen resoando con máis forza nos últimos tempos no sentir colectivo. Os nosos corpos perciben, por isto, que algo non anda ben: os ollos revelan e os oídos constatan o silencio que se está a impoñer nos montes e que se estende profundamente coma un síntoma da diminución imparabile das diferentes especies que habitan estas contornas naturais. A nosa obriga moral é recuperar eses sons da natureza que han de envolvernos diariamente para poder soportar a vida desde unha posición máis acorde e natural como especie que convive con outras especies. A nosa obriga é retomar e comprender que toda esta queixume só pode conducirnos a un lugar pouco diverso, poboado unicamente por unhas voces (as humanas) que non dan cabida ás maiorías; as especies non-humanas.

A posible implantación da macrofactoría Altri ou a instalación masiva de aeroxeradores no territorio galego, son a causa de que moitas destas persoas non so levanten a voz, senón tamén a mirada cara o monte, un lugar esquecido durante demasiado tempo a pesares de ser un medio de subsistencia fundamental nun pasado non tan afastado, sendo tamén o lugar de recreo para aquelas persoas que nos criamos no rural galego. Na infancia, o monte ensinounos que este é un lugar de liberdade, sen vixilancia materna e paterna, no que aprendemos a construír xogos integrándonos co contexto sen sabelo,



ensaíando quen sabe se as nosas primeiras construcións ou obras de arte, que servían de refuxio para afastarnos do mundo, o xerme das nosas primeiras reflexións ou para tomar unha certa perspectiva ante a vida que tiñamos por diante. A paulatina perda dos vínculos coa nosa terra ven determinada polo imparable afastamento nas últimas xeracións destes lugares que aínda conteñen certa vida salvaxe e en liberdade como son os montes. Afastamento físico, pero tamén emocional e psicolóxico, no que a nosa identidade vaise diluíndo. Quizais sexa hora de retomar os lazos sociais, psíquicos e filosóficos coa nosa contorna e cos seres non-humanos.

Quen participamos desta exposición diriximos a nosa ollada cara a ese lado da realidade que vai ficando esquecido polo adormecemento que nos produce camiñar coa mirada dirixida ao chan talvez desde fai algún tempo, volvendo os nosos ollos cara a superficies planas, rectas e luminosas que cegan a nosa capacidade de conectarnos coa contorna singular e irregular que nos rodea.

Do que nos fan as obras dos/as artistas desta mostra é de que precisamos recuperar algo que ten que ver coa nosa historia, co noso territorio, coa nosa memoria, e mesmo co amor, unha calidade esta que os especuladores –aqueles que están a contribuír a esta perda debido á sobreexplotación dos montes–, non consideran en absoluto importante posto que é un concepto asociado á non-eficiencia, algo altamente reproable para o neoliberalismo depredador. Esta exposición ben pode servir para poñer en práctica ese alzamento da mirada como acto de dignidade para volver contemplar a liña do horizonte que se nos quere arrebatarse en prol do que chaman “progreso”. Seguindo a idea do artista e activista César Manrique, que establecía que ningún edificio debía superar en altura á máis alta das palmeiras da súa querida illa de Lanzarote á que tanto protexeu, non permitamos que ninguén sexa quen de estar por riba da nosa liña do horizonte para privarnos de experimentar a beleza e de bicar o ceo porque todos e todas somos monte.

[Rosa Neutro, comisaria]



Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15 (Vigo)

Luns, mércores e venres: de 18 a 21h

Martes e xoves: de 11 a 14 e de 18 a 21h

Sábados: de 12 a 14 e de 18 a 21:00h

Domingos e festivos: de 12 a 14h



Díptico en
galego



Díptico en
castellano



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa das Artes

**CONCELLO
DE VIGO**

